

Informe sobre a creación da Rede de Dinamización Lingüística

Informe da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) sobre a Orde do 14 de setembro de 2010 pola que se crea a Rede de Dinamización Lingüística (*DOG* do 21 de setembro de 2010)



CTNL

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Informe sobre a creación da Rede de Dinamización Lingüística

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL)

Novembro de 2010

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia publicou no *Diario Oficial de Galicia* do 21 de setembro de 2010 a Orde pola que se crea a Rede de Dinamización Lingüística, unha rede definida na propia orde como unha asociación voluntaria que busca congrega as entidades con competencia na promoción do uso da lingua galega.

A Coordinadora de Traballadores/as da Normalización da Lingua presentou propostas e instou reiteradamente á SXPL para que cumprise coa súa obriga legal de asumir a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega e coordinar os servizos de normalización lingüística, tal e como establece o artigo 22 da Lei 3/1983 de normalización lingüística. Unha obriga que recolle tamén o Plan xeral de normalización da lingua galega cando fixa como obxectivo da Xunta de Galicia “Asumir o liderado e a coordinación do proceso de normalización da lingua propia de Galicia” e unha obriga que se corresponde coa función que o Decreto 211/2008 da Xunta de Galicia fixa para a SXPL: “Promover, impulsar e coordinar o labor de normalización lingüística dos servizos de normalización doutros organismos e administración públicas”.

Despois de analizarmos a Orde do 14 de setembro de 2010 pola que se crea a Rede de Dinamización Lingüística, desde a CTNL entendemos que esta rede non vai servir para a consecución dos obxectivos para os que se debería crear.

A figura da rede non é a mellor fórmula

A Rede de Dinamización Lingüística non é ningún organismo real con entidade propia. Tan só é unha asociación voluntaria na que teñen cabida entidades con competencia na promoción do uso da lingua e coa que poderán colaborar entidades privadas sen finalidade de lucro.

Contrariamente ao que se manifesta na súa orde de creación, esta fórmula non garante nin intensiva nin extensivamente a intervención, non optimiza os recursos dispoñíbeis nin asegura uns niveis de eficiencia axeitados.

A maneira de optimizar recursos, de garantir a corresponsabilidade das distintas administracións e de acadar a eficacia e eficiencia no traballo a prol da normalización lingüística é dotármonos dun organismo interadministrativo real que poida contar con persoal multidisciplinar para a planificación lingüística e que permita a creación de unidades técnicas comarcais coa participación das distintas administracións. Todo isto pode vehiculizarse a través da constitución dun consorcio. A non constitución dese consorcio só se pode achacar a criterios políticos, e en ningún caso técnicos nin económicos, pois as diferentes propostas feitas pola CTNL arredor deste organismo sempre se basearon en que tecnicamente era a mellor opción e economicamente supuña rendibilizar os recursos que na actualidade xa se lle dedican á normalización lingüística desde as diferentes administracións.

De todos os xeitos, aínda que non se crease un consorcio, a creación dunha rede podería ser un primeiro paso positivo, sempre que fose unha rede de traballo real da que formasen parte entidades que cumprisen uns requisitos mínimos para o proceso de normalización da lingua galega, dotada con unidades territoriais por todo o país, con persoal multidisciplinar suficiente e con recursos abondos, algo que non se dá con esta proposta da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Non ten sentido crear unha rede para coordinar o traballo en dinamización lingüística sen unidades técnicas que desenvolvan ese traballo

Que a existencia de servizos de normalización lingüística non sexa un criterio básico para as entidades que entren na Rede significa que non haberá unha correcta planificación, execución nin avaliación real das accións.

Desta Rede poden formar parte todas as entidades que queiran entrar, sen outro requisito que o de querer entrar e sen necesidade de contar con servizo técnico para normalización lingüística. A participación na Rede é tan aberta e sen obrigas nin compromisos de ningún tipo que deixa de ser operativa e imposibilita un traballo minimamente planificado.

Non ten sentido crear unha rede de coordinación e de traballo horizontal e cooperativo para a promoción do uso do galego con entidades que non contan con persoal técnico que poida desenvolver ese traballo. Non ten sentido unha rede para planificar, xestionar e implementar accións conxuntamente sen persoal que planifique, xestione e implemente accións. Non ten sentido unha rede para coordinar o traballo se non hai traballadores/as que coordinar.

O lóxico e necesario sería coordinar o traballo que se desenvolve desde os servizos de normalización lingüística, optimizando recursos e esforzos e constituíndo unidades técnicas comarcais de xeito que, a medio prazo, se estendese a súa acción ao conxunto do territorio do país.

Por exemplo –para comparar con outras redes creadas desde a propia Xunta–, para formar parte da Rede de Concellos Saudables impulsada desde a Consellería de Sanidade para a promoción de estilos de vida saudábeis, un dos requisitos básicos é, textualmente, a "creación formal dunha Unidade Concello Saudable (UCS), entendéndose esta como un equipo humano constituído, polo menos, por dous

profesionais: un deles deberá contar con formación académica universitaria específica na actividade física e deporte, que actuará como coordinador/a e representante técnico do proxecto, e outro con formación académica específica en alimentación e nutrición humana" cunha serie de funcións específicas xa definidas pola propia Rede. Ademais, esta unidade técnica da Rede de Concellos Saudables pode ser propia ou compartida por varios concellos.

Polo tanto, o lóxico e necesario sería que para formar parte da Rede de Dinamización Lingüística un criterio básico e imprescindible fose que o concello contase cun servizo de normalización lingüística (SNL), ben propio, ben compartido con outros concellos da comarca ou zona, dotado con persoal técnico en normalización lingüística e co obxectivo principal de incrementar o uso e prestixio do galego en todos os ámbitos sociais. E, deste xeito, si que tería sentido a rede, cuxa función sería planificar conxuntamente e coordinar a acción de todos eses servizos de normalización lingüística.

Para crear unha rede cumpriría estabilizar os poucos servizos de normalización existentes e crear outros novos, algo que non se fai

Tan só o 20% dos concellos galegos contan con servizo de normalización lingüística (SNL), a gran maioría están concentrados na provincia da Coruña, e hai comarcas enteiras que non contan cunha soa unidade técnica de planificación lingüística. A maioría dos SNL existentes teñen pouca estabilidade xa que dependen directamente de vontades políticas e o seu financiamento está moi ligado a subvencións que, nalgúns casos, varían os criterios anualmente.

Con este panorama, como paso previo á creación dunha rede para coordinar o traballo, cómpre mellorar a situación xeral dos SNL, principalmente no tocante á estabilización dos existentes e á posta en marcha doutros novos que permitisen

planificar e desenvolver accións por todo o territorio. Dificilmente se pode promover, impulsar e coordinar o traballo en normalización lingüística se non contamos con unidades técnicas que planifiquen, xestionen, executen e avalíen ese traballo. Para mellorar esa situación era necesario modificar a liña de subvencións ás entidades locais para a promoción do uso da lingua galega co obxecto de dotar a administración local de axudas para a creación, o mantemento e a acción de servizos con capacidade de intervención en todos os ámbitos e sectores sociais e con persoal técnico coa suficiente capacidade de acción. Malia que a convocatoria do ano 2010 recolleu varios cambios positivos (poden optar agrupacións de concellos, defínense as funcións do SNL, fíxase a categoría laboral do persoal técnico, estabelécense liñas de acción prioritarias...) son moitas as eivas que impiden a consecución dos obxectivos (escasa dotación económica, tardanza na publicación da convocatoria, tardanza na resolución, breve prazo para a xustificación, etc.).

Ademais, para mellorar a situación xeral dos SNL é imprescindible un considerábel aumento de recursos e, lonxe disto, a SXPL reduce de xeito drástico para 2011 a partida económica para o fomento do galego desde os concellos que, con esta nova redución sumada á do ano anterior, xa deixa esta partida en menos da metade ca no ano 2009. Se en 2009 se lle dedicou a insuficiente cantidade de 801.708 €, en 2011 dedicaráselle 397.710 €. Polo tanto, lonxe de procurar crear novos SNL, a SXPL contribúe ao peche dos existentes vía redución orzamentaria.

Aos concellos non se lles pide ningunha condición mínima, nin sequera o uso do galego e o compromiso coa súa promoción

Se se crea unha Rede de Dinamización Lingüística parecería lóxico que dela puidesen formar parte aqueles concellos que desenvolvesen unha acción mínima de dinamización lingüística, coa existencia dun servizo de normalización lingüística, coa

existencia dunha ordenanza ou regulamento de uso e impulso da lingua galega, co desenvolvemento de accións de cara ao incremento do uso e prestixio da lingua galega, co compromiso de cumprimento das accións fixadas por unanimidade no Plan xeral de normalización da lingua galega ou, cando menos, co uso do galego como lingua propia da administración local.

Pois, lonxe disto que parecería lóxico, a orde de creación da Rede non establece nin un só requisito mínimo para formar parte dela.

Outras redes impulsadas desde a propia Xunta si que establecen os requisitos mínimos para poder integrarse. Así, por exemplo, para que un concello poida formar parte da Rede de Concellos Saudables (www.concellossaudables.com), impulsada pola Consellería de Sanidade, os requisitos son o desenvolvemento de actuacións desde o concello para a promoción da vida sen tabaco, para a promoción da actividade física regular e para a promoción dunha alimentación equilibrada, e a creación formal dunha unidade técnica formada por, cando menos, dous profesionais. E, tamén como exemplo, para formar parte da Rede de Concellos pola Sostibilidade (www.redesostible.net), impulsada pola Consellería de Medio Ambiente, establécense sete requisitos mínimos, como adherirse á Carta de Aalborg +10, aprobar unha declaración institucional onde se amose o compromiso do concello coa sostibilidade, organizar unha comisión técnica no concello de seguimento das accións desenvolvidas, compromiso de desenvolver accións e de establecer canles de participación cidadá para implicar á cidadanía nas políticas de sostibilidade, etc.

Deste xeito, desde a CTNL parécenos necesario que para formar parte dunha Rede de Dinamización Lingüística se lles pida aos concellos unha serie de condicións mínimas como: utilizar o galego como lingua de uso preferente e inicial en todas as accións do concello, tanto oralmente como por escrito; contar cun servizo de normalización lingüística, propio ou compartido, dotado con persoal técnico en normalización lingüística; comprometerse formalmente a cumprir cos obxectivos e a desenvolver de xeito efectivo as accións sinaladas no Plan xeral de normalización da

lingua galega; contar, no prazo de dous anos, cunha ordenanza ou regulamento de impulso do uso do galego; desenvolver programas que teñan por obxectivo o incremento do uso e prestixio da lingua galega; etc.

Confúndese a finalidade cos medios. A dinamización non pode ser un fin, senón que ten que ser un medio para acadar a normalización

A Secretaría Xeral de Política Lingüística, ao denominar este proxecto como Rede de Dinamización Lingüística, dá un paso máis na súa teima de eliminar ou borrar socialmente o termo e o concepto de "normalización lingüística", un termo e un concepto totalmente asentado e global e cada vez máis vixente e necesario. Estase, por tanto, a confundir a finalidade cos medios.

A dinamización lingüística é un dos medios para procurar a normalización da lingua galega, mais, para acadar este obxectivo, non abonda só coa dinamización, senón que fan falta outros medios como formación, asesoramento, lexislación, etc.

Os concellos poden estar representados na Rede por técnicos/as sen ningún coñecemento nin competencia en normalización lingüística

Cada entidade que se adhira á Rede terá que designar, ademais dun/dunha representante político/a, un/unha responsábel técnico/a, mais pode ser un/unha técnico/a calquera, non ten que ser técnico/a de normalización lingüística, xa que, entre outras cousas, non é requisito para os concellos que entren a formar parte da rede que contén con persoal técnico/a en normalización lingüística.

Así, para constituír o nivel técnico desta Rede de Dinamización Lingüística, desde o que se deben planificar, xestionar, executar e avaliar as accións dinamizadoras, os concellos poden nomear un xardineiro, unha bibliotecaria, un auxiliar administrativo, unha técnica de contabilidade, un animador cultural, unha obreira da brigada de obras, un arquitecto ou unha traballadora social.

Como é totalmente lóxico, o ideal é que a área técnica estivese formada por un equipo multidisciplinar para o deseño e planificación de accións de cara ao fomento do uso da lingua galega (con técnicos/as en socioloxía, comunicación, dereito, normalización, etc.), e os concellos deberían estar representados polos/as seus/súas técnicos/as de normalización lingüística, e non por técnicos/as doutras áreas que pouco ou nada teñan que ver. Mais, para isto, debería ser requisito que os concellos que formasen parte da rede contasen con SNL.

Nin a Dirección Xeral de Administración Local, nin a Fegamp, nin outras entidades con competencias en normalización lingüística están formalmente representadas

A Dirección Xeral de Administración Local é o órgano do Goberno galego encargado de manter e fomentar as relacións coas corporacións locais e entre as súas competencias está o impulso, en colaboración coa Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, do proceso de incorporación do galego á Administración local de forma coordinada coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Nun proxecto liderado pola Xunta e destinado á promoción da lingua a través da Administración local non ten sentido que non estea representado o órgano encargado de fomentar as relacións coas corporacións locais, e dá mostra do pouco compromiso do goberno co proxecto e da escasa transversalidade que ten para este o impulso do noso idioma.

Ademais, nunha rede de concellos sería lóxico que a Fegamp estivese formalmente representada, formando parte, como membro nato, dos distintos órganos que a compoñen, ao igual que outras entidades con competencias no proceso de normalización da lingua galega.

O excesivo control da SXPL sobre os órganos da Rede permítelle tomar as decisións que queira en nome de todos

Na orde de creación establécense os órganos polos que se rexerá a rede: a Área Técnica, a Coordinación Técnica, a Vicepresidencia, a Presidencia, a Xunta Directiva e o Consello de Membros. A Área Técnica queda sen definir e nos órganos de representación política a SXPL ten un peso excesivo que lle permite controlar todas as decisións que se tomen e marcar unilateralmente as liñas de actuación do organismo.

A Presidencia, a Vicepresidencia e a Coordinación Técnica son órganos unipersoais. A Presidencia será desempeñada pola persoa titular da SXPL, e a Vicepresidencia e a Coordinación Técnica serán desempeñadas polas persoas que nomee directamente a Presidencia, isto é, o/a secretario/a xeral de Política Lingüística.

O Consello de Membros é o órgano colexiado de participación de todas as entidades adheridas á Rede mais, para a adopción de acordos, ponderaranse os votos das entidades locais e da Consellería de Educación, de xeito que esta consellaría conta co mesmo número de votos que a suma de todos os demais membros da Rede xuntos. Na práctica, isto supón que a SXPL só precisa do apoio dunha única entidade local, sexa cal sexa, para ter maioría absoluta e sacar adiante, en nome de todos, as decisións que considere oportunas.

A Xunta Directiva é o órgano de dirección executiva e está constituída polo/a presidente/a da Rede (que é o/a secretario/a xeral de Política Lingüística), por

dous/dúas vogais designados/as polo Consello de Membros (órgano controlado pola SXPL) e por un/unha secretario/a, que será o/a coordinador/a técnico/a da Rede (persoa designada directamente polo secretario/a xeral de Política Lingüística). Polo tanto, na práctica, toda a Xunta Directiva estará formada só polas persoas que queira a SXPL.

En definitiva, o control da Secretaría Xeral de Política Lingüística é total sobre todos os órganos da Rede, e permítelle marcar as liñas de actuación unilateralmente, isto é, facer o mesmo que até agora, pero agora en nome doutras entidades.

Este ilóxico control absoluto non se dá noutras redes impulsadas pola propia Xunta. Así, por exemplo, a Rede Galega de Concellos pola Sustentabilidade está formada máis ou menos polos mesmos órganos, mais, a súa Asemblea Xeral está constituída por un/unha representante de cada un dos concellos adheridos a esa Rede e mais polo Comité Directivo, e o voto non está ponderado; o/a presidente/a é elixido pola Asemblea Xeral entre os/as representantes dos concellos membros; e hai dúas vicepresidencias, unha que lle corresponde á Fegamp e outra á Xunta. Desta forma, todas as entidades están representadas de xeito equilibrado.

Carencia total de recursos económicos e humanos para a Rede ao mesmo tempo que un drástico recorte orzamentario para a creación e mantemento de servizos de normalización lingüística

A única referencia que se fai na orde de creación da Rede ao financiamento é no artigo 12, onde o único que se di é que a SXPL garantirá o financiamento das actividades da Rede e, incoherentemente, que as entidades asociadas “poderán” realizar achegas económicas.

Non se especifica se haberá accións cofinanciadas nin se haberá apoio económico para as accións de dinamización lingüística dos concellos integrados na Rede.

E, no único punto onde se fala do financiamento, só se fai referencia ás actividades, en ningún caso ao persoal dos servizos de normalización lingüística necesario para planificar, coordinar, xestionar e avaliar esas actividades.

Ademais, con posterioridade á publicación da orde de creación, xa se puido comprobar como os orzamentos da Xunta para 2011 non lle dedican nin un só euro a esta. E, o que é aínda máis grave e máis significativo, esas contas reducen de xeito drástico a partida económica para o fomento do galego desde os concellos, que en 2011 (397.710 €) xa será de menos da metade que en 2009 (801.708 €), cando a cantidade xa era moi insuficiente. Así, lonxe de contribuír economicamente á dinamización lingüística desde a administración local, o que se fai é reducir ao mínimo as xa moi escasas axudas económicas.

O orzamento da SXPL para 2011 redúcese máis do 40%, sobre unhas cantidades que xa eran moi baixas e que xa sufriron en 2010 unha redución de máis do 20%, de xeito que en 2011 a SXPL investirá na promoción do galego arredor da metade de cartos dos que investía hai dez anos.

Os retrocesos lingüísticos en distintos ámbitos e o clima social desfavorábel ao proceso de normalización lingüística impulsados desde o propio goberno dificultan o proxecto

Segundo se sinala na propia orde, o obxectivo da dinamización lingüística é “incrementar a presenza social e mais o prestixio da lingua galega en toda a sociedade”, o que é totalmente incoherente e contrario ás políticas que o mesmo goberno que quere impulsar esta Rede executa en distintos ámbitos, como no

ensino (onde, lonxe de “incrementar”, se diminuíu a “presenza” e mais o “prestixio” do galego coa aprobación do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino), no acceso á función pública (onde, coa reforma do artigo 35 da Lei da función pública, se retirou a necesidade de facer unha proba en galego, polo que se diminuíu a “presenza” e se “desprestixiou” a lingua galega, cualificándoa incluso, no propio proxecto de lei, como “barreira”), etc.

Ademais, a ninguén se lle escapa que estamos vivindo un momento de especial tensión social desfavorábel para a normalización lingüística, un clima propiciado en ocasións desde o propio goberno de Xunta, e/ou o partido que o forma, por dúas vías: o apoio a un discurso contrario ao proceso de normalización lingüística e a materialización dos retrocesos en materia de política lingüística.

O goberno galego e o partido que o forma, lonxe de dar pasos para mellorar o clima social, segue poñendo pexas no camiño, exercendo a portavocía do discurso contrario á recuperación e ao mantemento de espazos para a nosa lingua, provocando aos sectores máis implicados no proceso de normalización lingüística, legislando ou ameazando con legislar en contra do incremento do uso da lingua propia deste país e recortando de xeito drástico os recursos que se lle dedican á promoción do galego.

Con todo isto, a Rede de Dinamización Lingüística vese, necesariamente, como un proxecto incoherente coa política lingüística xeral deste goberno, xa que pretende implicar a Administración local nun proxecto co obxectivo de “incrementar a presenza social e mais o prestixio da lingua galega en toda a sociedade”, cando, ao mesmo tempo, o mesmo goberno que impulsa esta rede legisla para diminuír a presenza do galego en determinados ámbitos.

Xa que logo, para convidar de xeito efectivo aos concellos a “compartir unha planificación lingüística que defina estratexias básicas comúns en todo o territorio” (art. 2.4), sería totalmente necesario que cambiase a actitude da Xunta con respecto á lingua e que cesasen os pasos atrás no proceso de normalización lingüística.

Unha orde de creación chea de contradicións

– Indefinición e incoherencia total no ámbito técnico

No artigo 13 da orde dise que no ámbito técnico se poderán “crear as áreas e comisións de traballo, estudo, deseño e planificación necesarias”, mais en ningún momento se indica en que consiste ou por quen estará formado ese ámbito técnico.

Por lóxica, se esta asociación voluntaria ten como pretensións fomentar a colaboración, compartir unha planificación, ampliar a difusión de actividades..., e se se van crear esas comisións de traballo para o deseño, planificación e desenvolvemento das accións, poderíase entender que ese o ámbito técnico debería estar integrado polos técnicos e polas técnicas que están traballando nos SNL das entidades que forman parte da Rede, mais xa se sabe que isto non pode ser así, dado que moitas das entidades integrantes non contan con SNL e as que o teñan non están obrigadas a designar o técnico ou técnica de normalización como representante ante a Rede, xa que pode ser calquera outro/a técnico do concello.

É mais, nese mesmo artigo 13 sinálase que “as unidades técnicas de dinamización lingüística que se creen manterán unha relación permanente de colaboración e de comunicación co/coa coordinador/a técnico/a da Rede e coa Secretaría Xeral de Política Lingüística”, cando, por unha banda, en ningún momento se di que a Rede vaia crear unidades técnicas e, por outra, en ningún momento se citan as unidades técnicas (SNL) xa existentes na actualidade. Entón, só manterán “relación permanente de colaboración” co/coa coordinador/a da Rede e coa SXPL as unidades técnicas do futuro, e non as actuais?

– A Rede pon a disposición dos membros materiais que non lle pertencen

Entre as finalidades da Rede (art. 2.4) está: “...poñer á disposición de todos os membros da Rede os materiais e a información básica relativa ás actividades de

dinamización lingüística que se desenvolvan en cada unha das entidades integradas”.

Como non hai ningunha condición para entrar –tampouco a de cesión de materiais nin de información–, a Rede dificilmente pode ofrecer eses materiais e esa información que non lle pertencen.

= A Consellería de Educación “garante” o financiamento das actividades, mais as entidades asociadas “poderán realizar as achegas económicas que se determinen no Consello de Membros”

No artigo 12 da orde de creación indícase que a Consellería de Educación a través da SXPL garante o financiamento das actividades da Rede, mais, no mesmo artigo, establécese que as entidades asociadas “poderán” realizar as achegas que determine o Consello de Membros.

Que o financiamento estea garantido pola SXPL parece contradictorio con que os concellos realicen achegas económicas. Ademais, ese “poderán” non aclara se é obrigatorio que todos os concellos teñan que realizar as achegas que determine o Consello de Membros, ou se só as terán que realizar aqueles concellos que voluntariamente queiran.

= Non se concreta a actividade da Rede nin ningún beneficio para os concellos que entren a formar parte

Se ben é verdade que para entrar na Rede non se esixe ningún requisito, tamén é certo que non se concreta ningún beneficio para as entidades integrantes.

Con esta orde non se sabe se a propia SXPL vai dispor de persoal para realizar unha planificación lingüística para todo o país, para coordinar os concellos que

dispoñen de unidades técnicas, para executar accións, para avaliar ou coordinar a avaliación das accións realizadas, etc. Por non concretar non se concreta nin se a rede vai planificar actividades e, se as planificase, non se indica de que tipo serán estas.

En definitiva, na orde non se sinalan as funcións da Rede con respecto ás entidades integrantes nin os beneficios, se é que os hai, que a estas lles pode supor formar parte da Rede.

Conclusións xerais e propostas da CTNL para unha Rede minimamente válida

Desde a CTNL consideramos que esta Rede de Dinamización Lingüística non é unha ferramenta útil para mellorar o proceso de normalización da lingua galega. Mais –aínda que consideramos que sería necesario constituír un consorcio interadministratio para coordinar a planificación lingüística e corresponsabilizar as distintas administracións para acadar o obxectivo da normalización lingüística–, cremos que esta Rede podería chegar a ser un ferramenta minimamente válida se se desen as seguintes condicións:

- A Rede tería que ser unha ferramenta de traballo horizontal real entre os servizos de normalización lingüística (SNL), para o que, previamente, desde a Xunta teríase que fomentar de xeito decidido, e cos recursos necesarios, a estabilización dos SNL existentes e a creación doutros novos, preferentemente con equipos técnicos multidisciplinares e de ámbito comarcal.
- Aos concellos que quixesen formar parte da Rede deberíaselles pedir unha serie de condicións lóxicas mínimas, como, por exemplo, contar cun SNL propio ou compartido; comprometerse formalmente a cumprir cos obxectivos e a desenvolver as accións sinaladas no Plan xeral de normalización da lingua galega; contar, no prazo de dous anos, cunha ordenanza ou regulamento de impulso do uso do galego; desenvolver programas que teñan por obxectivo o incremento do uso e prestixio da lingua galega; etc.
- Non se poden confundir os medios cos obxectivos, e tense que ter claro que a dinamización lingüística é un dos medios para acadar o obxectivo da normalización lingüística.
- A Rede debería ser un proxecto inclusivo que contase con todas as entidades que ten que contar, e a Secretaría Xeral de Política Lingüística non pode ter

un excesivo control sobre todos os órganos, e menos tomando as decisións en nome dos demais.

- Ten que estar dotada cos recursos económicos e humanos necesarios.
- Debe mudar totalmente a actitude da Xunta con respecto á lingua e teñen que cesar os pasos atrás no proceso de normalización lingüística desde a Administración autonómica.

ALGUNHAS LIGAZÓNS DE INTERESE RELACIONADAS

- Orde de creación da Rede de Dinamización Lingüística (DOG do 21 de setembro de 2010): [http://www.xunta.es/dog/Dog2010.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/a5b3191d5357517c12577a4004be712/\\$FILE/18200D002P006.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2010.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/a5b3191d5357517c12577a4004be712/$FILE/18200D002P006.PDF)
- Información da Rede de Dinamización Lingüística no web da Secretaría Xeral de Política Lingüística: http://www.xunta.es/linguagalega/rede_de_dinamizacion_linguistica
- Informe sobre as propostas e o traballo desenvolvido pola CTNL no grupo de traballo para a creación da Rede de Dinamización Lingüística Local da SXPL: http://www.ctnl.org/upload/des/192-a-informe_traballo_ctnl_grupo_traballo_rede_din_4-2010.pdf
- "Proposta da CTNL sobre a comarcalización de servizos lingüísticos" (Socorro García, Xulio C. Álvarez e Valentín García, CTNL, 1998): http://www.ctnl.org/upload/des/17-a-proposta_comarcalizacion_1998.pdf
- "A necesidade dun Consorcio para a Planificación Lingüística" (Valentín García, CTNL, 2009): http://consellodacultura.org/files/2009/02/valentin_garcia.pdf
- "Análise da acción de política lingüística desde o goberno galego nos últimos catro anos e propostas para a vindeira lexislatura" (Nel Vidal, CDSG, febreiro de 2009): http://www.ctnl.org/upload/des/152-a-relatorio_analise_pl_encontros_09_def.pdf
- Rede Galega de Concellos pola Sustentabilidade: <http://www.redesostible.net/>
- Orde de creación da Rede Galega de Concellos pola Sustentabilidade (DOG do 4 de xuño de 2008): [http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/51c330ce8e5251c6c125745d005fab71/\\$FILE/10700D001P009.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/51c330ce8e5251c6c125745d005fab71/$FILE/10700D001P009.PDF)
- Rede de Concellos Saudables: <http://www.concellossaudables.com/>
- Convocatoria de subvencións para o cofinanciamento dos proxectos dos Concellos Saudables (DOG do 3 de febreiro de 2009): [http://www.xunta.es/dog/Dog2009.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/f98db29c11aafde4c1257552000129bb/\\$FILE/02300D022P073.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2009.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/f98db29c11aafde4c1257552000129bb/$FILE/02300D022P073.PDF)
- Convocatoria de subvencións para a creación e mantemento de servizos lingüísticos nos concellos galegos e para actividades de dinamización lingüística (DOG do 22 de abril de 2010): [http://www.xunta.es/dog/Dog2010.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/7ae899957752a35dc125770c00585b25/\\$FILE/07500D003P012.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2010.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/7ae899957752a35dc125770c00585b25/$FILE/07500D003P012.PDF)
- Análise dos orzamentos da Xunta para Política Lingüística en 2011 e comparación con anos anteriores: <http://www.ctnl.org/web/notic.php?ide=720>

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL)
629 571 950
info@ctnl.org
www.ctnl.org